

INFORME

sobre o

PRIMEIRO PLAN OPERATIVO DE DESENVOLVEMENTO E IMPLANTACIÓN DA ESTRATEXIA GALEGA DE CAMBIO CLIMÁTICO E ENERXÍA 2050

A Xunta vén de apresnetar a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, que pretende desenvolver através de diversos Plans Operativos, o primeiro co horizonte de 2023. Neste e nos sucesivos documentos a administración pretende desenvolver as liñas de acción para acadar os obxectivos da Estratexia e as medidas específicas para facelas efectivas.

O denominado “Primeiro Plan Operativo para o Desenvolvemento e Implantación da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050” para o periodo 2019-2023 recolle as medidas programadas dentro dos obxectivos de cada un dos 4 ámetos de actuación: mitigación, adaptación, investigación, dimensión social, gobernanza e sensibilización. A partires destes obxectivos (10) desenvólvense 34 liñas de actuación, contendo un total de 170 medidas.

ADEGA vén de analizar o contido deste Plano Operativo, ao que seguindo a súa estrutura, facemos as seguintes consideracións:

4 ámetos:

Mitigación
Adaptación
Investigación
Social, gobernanza e sensibilización

Ámeto: MITIGACIÓN

2 obxectivos:

O1: Reducir drásticamente as emisións de GEIs
O2: Aumentar a absorción do CO2 mediante unha xestión sustentábel do territorio

O1: Reducir drásticamente as emisións de GEIs

6 liñas de actuación

LA1 Cultura da eficiencia: Medidas dirixidas maioritariamente aos usuarios e sector privado (construción), esquecendo abordar a eficiencia das instalacións e organismos públicos, así como do sector industrial. Os orzamentos da Xunta para esta liña non chegan aos 200.000€ para unha única medida, ficando outras 4 con orzamento 0 (cero), en comparación coa asignación de fondos estatais (máis de 19 millóns) e europeos (máis de 11 millóns) adscritos a diferentes planos e programas (Estatál de vivenda, FEDER).

LA2 Modelo enerxético baixo en emisións: O fomento da xeración de enerxía eléctrica con fontes renovábeis, así como da eficiencia no transporte de electricidade e gas déixase á iniciativa privada, con 0€ de achegas públicas, aínda que se anuncian “mecanismos específicos de financiamento” e “acordos voluntarios”. Pola contra, prefírese adicar o investimento público outra volta ao sector domiciliario (caldeiras de biomasa, solar térmica, xeotermia...) transmitindo a mensaxe de que a responsabilidade de reducir as emisións recae na cidadanía fronte á grande industria contaminadora. Nesta liña de actuación e na seguinte (diminuír a pegada de carbono da industria) están ausentes medidas para o peche das centrais térmicas de carbón e a desincentivación do uso de combustíbeis fósiles.

LA3 Incrementar a competitividade da industria diminuindo a pegada de carbono: Faise fincapé na millora da eficiencia e na optimización dos procesos industriais (deseño, loxística, dixitalización), con moi escasa incidencia no sector público. Neste apartado tampouco se inclúen medidas para o abandono dos combustíbeis fósiles por parte da industria, particularmente a enerxética e a electrointensiva.

LA4 Aumentar as alternativas dispoñíbeis a favor dunha mobilidade sustentábel: Abórdanse diversos aspectos relativos ao transporte colectivo, a intermodalidade, o fomento do vehículo eléctrico (sen orzamento asignado) así como os deslacements a pé e en bicicleta. Bótanse de menos medidas específicas de fomento dos camiños de ferro, tanto de ancho estatal como de vía estreita, interconexión ferroviaria entra as sete cidades, así como entre as vilas e pequenas cidades do sistema urbano intermedio (atendendo ás DOT), con electrificación e dupla vía. Deberíase contemplar tamén a criazón dun Ente Ferroviario Galego, pedindo o traspaso a Galiza das competencias sobre as vías interiores e rehabilitar aquelas liñas que poidan ficar fóra de uso ou devaluadas pola implantación do AVE.

LA5 Converter o sector primario en hipocarbónico: As medidas propostas inciden na redución das emisións da agricultura, gandería e pesca, e ao fomento das enerxías renovábeis, con algunha referencia á agricultura ecolóxica, mais sen considerar un cambio de paradigma con respecto ao modelo agrogandeiro-pesqueiro actual. O aumento da base territorial das explotacións, a aposta pola extensivización e os aproveitamentos vencellados á terra (razas e variedades autóctonas), así como unha aposta pola pesca e o marisqueo tradicional en contraposición á acuicultura industrial, deberían contarse entre as medidas prioritarias dentro desta liña. Asemade, propoñemos unha aposta decidida pola reutilización dos refugallos orgánicos agro-gandeiros mediante sistemas de compostaxe, en combinación coa materia orgánica dos RSUs para reducir a dependencia crecente do sector dos adubos químicos. A respecto da industria forestal, non abonda coa promoción de novos produtos con deseños máis eficientes, xa que habería que considerar antes os primeiros elos do sistema monte-industria, isto é, o modelo forestal. O actual, baseado no monocultivo do eucalipto, reduce en termos absolutos a fertilidade dos solos, e a súa capacidade de reter C en ciclos longos, alén de favorecer os lumes. A promoción do aproveitamento multifuncional do monte e as especies arbóreas autóctonas deberían estar entre as medidas desta liña.

LA6 Menos residuos, menos emisións: A ampliación de SOGAMA (30M –millóns- de €), vendida como unha medida para reducir as emisións ?! pola vía de queimar menos plásticos, será dubidosamente efectiva por canto permanece o seu carácter centralizado (con altas

emisións no transporte) e o uso da incineración como tratamento principal dos RSUs. As asignacións orzamentarias á compostaxe é a redución dos residuos alimentares son 6 veces menores (5M€ e 0,1 M€ respectivamente), malia a ser estas medidas de prevención e redución, deixando claro o pouco compromiso deste plano coa redución das emisións derivadas da xestión de refugallos. Inclúese tamén, cun orzamento de 0,6M€ (fondos FEDER), como medida para “acadar menos residuos e menos emisións” o reforzo na dotación de contentores?!. A menos que estes sexan para a recollida verdadeiramente selectiva da fracción orgánica, que hoxe SOGAMA trata misturada coa fracción resto no contentor verde (o que obrigaría por certo a unha mudanza total do modelo), o incremento da contenerización relaciónase con un aumento na xeración de refugallos e non coa súa diminución. Os sistemas “porta a porta” que carecen de contentores e a autocompostaxe reveláronse como os sistemas máis efectivos no eido da recollida selectiva e da prevención, respectivamente.

O2: Xestión sustentábel do territorio para aumentar a absorción de CO2

4 liñas de actuación

LA7 Cuantificar as emisións e absorcións asociadas aos usos do solo: Esta iniciativa xa debера estar integrada en ferramentas de xestión territorial como as Directrices de Ordenamento do Territorio, ou as diversas planificacións sectoriais. Deste xeito teríanse evitado actuacións – Plano MOVE, promoción de superficies industriais baleiras, recheos litorais, etc.- que comportan unha grave perda da capacidade de absorción e retención de C, para en troques aumentar a resiliencia dos ecosistemas fronte ao cambio climático, particularmente nas áreas temperadas como é o caso de Galiza.

LA8 Potenciar a capacidade de absorción do sector forestal: As diversas medidas expostas nesta liña (axudas á reforestación, fomento da silvicultura, apoio aos planos de xestión forestal) cun investimento que supera os 46M€, propóñense co obxectivo de acadar as especies forestais máis eficientes en termos de secuestro de C. Porén, as medidas expostas non consideran os demais servizos ecosistémicos (citados de paso na liña seguinte) que prestan a vexetación, os bosques naturais e os ecosistemas forestais e de monte en xeral, en termos de mantemento da biodiversidade, regulación do ciclo da auga, fertilidade do solo, capacidade de purificación da auga e do ar, loita contra a erosión etc. Faise pois necesario integrar estes elementos no deseño dun outro modelo forestal, abandonando o monocultivo de especies de crecemento rápido e pirófilas.

LA9 Infraestruturas verdes como provedoras de servizos ambientais e protección da biodiversidade: Propóñense diversas medidas nesta liña, en relación coas denominadas infraestruturas verdes incluídas nos concellos da Rede Natura e nos parques naturais. Chama a atención que malia a recoñecer a importancia dos ecosistemas naturais e seminaturais, particularmente daqueles con alta capacidade para a retención e fixación do C, ou chave para

o amortecemento dos impactos da mudanza climática (aumento da resiliencia), non se propoña o alongamento da superficie dos espazos protexidos incluídos na RN2000 e dos humídais Ramsar. Nen sequera daqueles hábitats para os que a Comisión Europea advertiu ao estado español da súa escasa representatividade (como as turbeiras ou bosques de ribeira). As zonas húmidas, e particularmente as turbeiras e brañas, fixan 3 veces máis C que os bosques maduros e almacenan no seu conxunto unha cantidade deste elemento superior á de todos os bosques do planeta. Incorporar estes hábitats a novos espazos protexidos até aproximarnos á media estatal de superficie RN2000 (actualmente 12% para Galiza, 27% para o Estado) é fundamental para evitar a súa destrución e recuperar aqueles degradados (como as turbeiras do Xístral). Alongar a rede de humídais protexidos baixo a convención Ramsar (hoxe só 5 en Galiza), especialmente en zonas litorais, bacías endorreicas e cabeceiras fluviais, resulta chave para amortecer os impactos da mudanza climática (maior erosión costeira, aumento dos fenómenos meteorolóxicos extremos, maior incidencia das secas...) e aumentar a resiliencia dos ecosistemas.

LA10 Posta en valor doutras reservas de C: En referencia aos océanos e ecosistemas costeiros. Na liña do xa expresado no punto anterior, fase urxente non só cuantificar a incidencia destes reservorios e ver como evolucionan, senón garantir a súa protección efectiva para preservar a súa función amortecedora e promotora dunha maior resiliencia. Sería tamén de interese recuperar a funcionalidade dalgún destes ecosistemas, quer as zonas de lagoas, esteiros, xunqueiras litorais e fondos de rías degradadas por recheos e outras intervencións de natureza urbanística ou industrial.

Ámeto: ADAPTACIÓN

3 obxectivos:

O3: Desenvolver e manter redes de observación e modelos adaptados a Galiza

O4: Aumentar a resiliencia ao cambio climático

O5: Desenvolver unha xestión adaptativa sectorial para garantir o posionamento futuro dos sectores relevantes para Galicia

O3: Desenvolver e manter redes de observación e modelos adaptados a Galiza

2 liñas de actuación

LA11 Consolidar unha estrutura de redes de observación: A respeito desta liña e as medidas que a desenvolven chama a atención que para o “mantemento dos sistemas de observación” faise uso dunha partida dos PO FEDER Galiza 2014-2020 para “PI5.1 Apoio ao investimento destinado á adaptación ao CC, incluídos formulacións baseadas nos ecosistemas”, que polo indefinido, pouca relación directa ten co obxectivo e a liña de actuación. Polo que artínxe ao tratamento de datos e á compartición de información entre os distintos departamentos da Xunta, chama a atención que o orzamento destas medidas sexa 0 (cero).

LA12 Dispor de modelos climáticos como ferramenta de apoio á planificación: Novamente as medidas para modelizar, escalar e integrar os datos climáticos debuzadas nesta liña non contan con ningún orzamento.

O4: Aumentar a resiliencia ao cambio climático

5 liñas de actuación

LA13 Fomentar unha estrutura territorial resiliente e con capacidade de adaptación: As dúas medidas propostas, para inserir as infraestruturas verdes no planexamento e detectar o impacto deste no ciclo do C carecen de financiamento.

LA14 Promover a conservación e o uso eficiente dos recursos naturais: Polo que atinxe á mitigación da vulnerabilidade das especies fronte á mudanza climática, resulta fundamental aprobar (previa actualización) os planos de conservación e recuperación das especies ameazadas que figuran no CGEA (Catálogo Galego de Especies Ameazadas), dos que a día de hoxe só hai aprobados 3 en 12 anos malia a terse elaborado e entregado varias ducias dende 2008. Non é asumíbel que gran maioría das nosas especies máis sensíbeis non dispoñan a día de hoxe de ferramentas que favorezan a súa conservación fronte ás ameazas climáticas, unicamente polo desinterese da administración en aprobalos.

LA15 Reducir a vulnerabilidade do territorio ante os riscos xerados polo cambio climático: A redución da vulnerabilidade climática do territorio non debe cingirse unicamente ás costas e áreas inundábeis, senón que debera atinxir a outros hábitats chave para aumentar a resiliencia e mitigar os efectos da mudanza climática como as zonas húmidas (ríos, lagos e lagoas, e moi particularmente turbeiras e zonas encharcadas). Debera contemplar accións de protección (consonte ao establecido na liña 9) e de recuperación para restaurar as súas funcións ecosistémicas. O mesmo para as zonas costeiras: urxen medidas concretas de renaturalización da fronte costeira para aumentar a súa capacidade de amortecemento dos impactos do CC. Un aspecto chave da planificación territorial que atinxe á integración dos aspectos relacionados coa mudanza climática no deseño das infraestruturas, non pode ter nesta altura un orzamento 0 (cero).

LA16 Reducir a vulnerabilidade da poboación ante os riscos xerados polo cambio climático: Deberían contemplar tamén, alén de iniativas para a protección da cidadanía fronte a eventos extremos (enchentes, vagas de calor) e doenzas climáticas (enfermidades por vectores, aeroalérxenos), o aumento da rede de detección e alerta de contaminantes troposféricos (SOx, NOx, F, O3, PM10, PM2,5, entre outros).

LA17 Promover a conservación e o uso eficiente dos recursos hídricos: Deberíanse contemplar medidas fiscais especificamente dirixidas a desincentivar a demanda e promover o aforro pola vía de penalizar o desbaldimento, investindo o recadado na optimización da rede. Asemade, determinadas infraestruturas hidráulicas contribúen a deteriorar a calidade ecolóxica dos cursos fluviais diminuindo a dispoñibilidade de auga limpa e aumentando os

custos de potabilización e subministro: trataríase de iniciar procedementos de caducidade para aquelas concesións hidroeléctricas obsoletas ou altamente impactantes.

O5: Desenvolver unha xestión adaptativa sectorial para garantir o posicionamento futuro dos sectores relevantes para Galiza

6 liñas de actuación

LA18 Consolidar unha xestión sustentábel da pesca e a acuicultura: Algunhas das medidas máis importantes nesta liña de actuación, chave para o futuro do sector pesqueiro-marisqueiro galego (impacto do CC nas especies mariñas, das mareas vermellas na acuicultura, implantación sistemas de xestión con enfoque ecosistémico, diversificación de especies e adaptación da pesca e o marisqueo ás condicións futuras), carecen de orzamento.

LA19 Conseguir un sector agrícola adaptado ao cambio climático: Esta adaptación non vai acadarse pola vía transferencia de tecnoloxía nen dunha maior intensivización, senón pola promoción dos aproveitamentos agrogandeiros extensivos, o aumento da base territorial das explotacións e a aposta polas castes autóctonas (non só vexetais) e a agricultura e gandaría ecolóxicas. A respecto da loita contra o abandono e a recuperación de terras compriría endurecer as condicións para a forestación de terras agrarias abandonadas e promover decididamente uso de ferramentas como o banco de terras, de probado alcance e eficacia, en troques de poñer en marcha “cinco proxectos piloto” por un imposte de 2,7 M€.

LA20 Integrar a adaptación ao cambio climático na planificación sectorial do turismo e adaptar a actividade turística para minimizar o seu impacto: A promoción do turismo sustentábel e de natureza, a adatación do sector ao CC, o turismo starlight, e outras medidas relacionadas coa ambientalización da oferta turística debería ter un orzamento distinto de 0 (cero). Polo que atinxe á medida “fomento do turismo en áreas de especial protección ambiental”, previamente estas áreas deberían contar cos axeitados instrumentos de xestión (PORN, PRUX, Planos de Conservación...) adaptados ao cambio climático e con orzamento suficiente, para garantir de xeito prioritario a conservación dos seus valores naturais e o mantemento dos servizos ecosistémicos. Doutro xeito o incremento da presión turística nestes espazos pode provocar o efecto contrario, arrastrando a outras actividades económicas vencelladas ao bo estado ecolóxico dos espazos protexidos.

LA21 Incrementar a resiliencia climática da rede de transporte e comunicacións: As medidas (en estudo) propostas non deberan atinxir só ao estudo e análise dos impactos e vulnerabilidade coin vistas a incorporar a perspectiva climática no futuro deseño das infraestruturas: deberíase actuar xa sobre o deseño das infraestruturas de transporte existentes, en particular sobre aquelas con maior vulnerabilidade ou incidencia na amplificación das consecuencias do cambio climático.

LA22 Avanzar cara a transición do sistema enerxético galego dende a adaptación do sector: A única medida en estudo (sen orzamento) é un “Estudo sobre a mitigación dos resultados da análise dos impactos e vulnerabilidade do sector enerxético, industrial e transporte ante o

cambio climático en Galiza para a avaliación dos custos socioeconómicos e ambientais”, vale dicir nada.

LA23 Optimizar a xestión forestal sustentábel como ferramenta de adaptación ao cambio climático dos montes galegos: Adícanse 6 millóns de € a “servizos de asesoramento a explotacións agrícolas” consignados polo PDR 2014-2020., sen relación coa xestión forestal sustentábel ou a integración do cambio climático nos modelos de aproveitamento forestal. Tamén inclúense neste apartado, dentro da medida “Accións de defensa contra incendios en extinción e prevención directa e indirecta” os 250 M€ até 2013 dos distintos PLADIGAs. Semella que en troques de optimizar a xestión forestal sustentábel como di esta medida, preténdese unicamente xestionar as consecuencias (lumes forestais cada vez máis intensos e frecuentes) dun modelo forestal fortemente insustentábel.

Ámeto: INVESTIGACIÓN

2 obxectivos:

O6: Aumentar a capacidade de Galiza en investigación e innovación en materia de cambio climático.

3 liñas:

LA24 Elaborar e manter o mapa de coñecemento de Galiza en materia de cambio climático.

LA25 Promover a investigación e innovación en materia de cambio climático que permita aumentar o coñecemento e contextualización en Galicia

LA26 Mellorar os sistemas de monitoreo e seguemento dos efectos do cambio climático

Dentro deste obxectivo, as cantidades orzamentadas para investigación até 2023 nas distintas medidas ascenden a 0,49 M€, destacando uns insuficientes 30.000 € para monitorar o cambio climático na rede de parques naturais galegos. Medidas como a investigación do cambio climático sobre os recursos hídricos, ecosistemas terrestres, mariños e costeiros, sector primario, medio urbano e saúde e sobre hábitats máis vulnerábeis; ou para mellorar os sistemas de monitoreo e seguemento, non teñen consignado orzamento, malia a figurar algunhas como “en implantación”, caso da monitorización da costa.

O7: Fomentar unha transferencia de coñecemento activa e eficaz.

2 liñas:

LA27 Fomentar o intercambio de coñecemento entre os diferentes axentes cuxas competencias estean relacionadas co cambio climático

LA28 Integrar os resultados e avances da investigación na planificación sectorial e xeral de Galicia fronte ao cambio climático

Algunhas das medidas recollidas neste obxectivo corresponden a iniciativas e proxectos desenvolvidos pola GAIN (Axencia Galega de Innovación), non directamente relacionados co

coñecemento e investigación da mudanza climática. É o caso do CIGAT, unidade de tratamento de auga para a obtención de enerxía das augas residuais e subprodutos do sector agroalimentar; ou proxectos sobre os usos da madeira en construción. Sobre os proxectos I+D+I en aspectos relacionados coa mudanza climática, non se detalla ningún, malia a contar cunha partida orzamentaria moi aquilatada, de exactamente 25.655.138,08 € da Consellaría de Economía, Emprego e Industria.

Outras medidas interesantes como a posta en marcha de foros de traballo cos distintos sectores agrícola, gandeiro, marisqueiro... carecen de partidas orzamentarias.

Ámeto: DIMENSIÓN SOCIAL. GOBERNANZA. SENSIBILIZACIÓN

3 obxectivos:

O8: Incidir na educación e concienciación social

2 liñas:

LA29 Desenvolver actuacións de formación para adquirir capacidades e competencias en materia de cambio climático

LA30 Fomentar a sensibilización da cidadanía en materia de cambio climático

Cítanse numerosas medidas en relación ás liñas destes dous obxectivos, relacionadas coa formación e información da cidadanía en xeral e a comunidade educativa, incluíndo formación profesional, mais os únicos orzamentos consignados corresponden a estratexias participativas dos GAC (Grupos de Acción Costeira) e á formación sobre os usos da madeira. Bótanse de menos programas interdisciplinares e transversais como CLIMÁNTICA, ou o deseño de intervencións específicas no ámeto da educación ambiental non formal, e a difusión e alongamento das xa existentes, en colaboración coas ONGs.

O9: Garantir o compromiso da administración pública galega

2 liñas:

LA31 Apostar por unha administración pública exemplar en materia de cambio climático

LA32 Dar difusión do papel de Galiza en materia de cambio climático e identificar sinerxias

Neste obxectivo, inclúese por erro a LA30 (Fomentar a sensibilización da cidadanía en materia de cambio climático). As medidas recollidas céntranse na mellora da eficiencia enerxética, mencionando a posibilidade da merca de enerxía eléctrica por parte da Xunta provinte de fontes renovábeis. Non se menciona a compra pública verde, nin a posibilidade –mesmo obriga- de implantar sistemas de autoconsumo para as instalacións e edificios públicos, ou a promoción dunha axencia enerxética pública galega, a partires do que hoxe é o INEGA.

O10: Impulsar a gobernanza climática

2 liñas:

LA33 Criar unha liña de aplicación orzamentaria para a aplicación da Estratexia

LA34 Fomentar unha gobernanza multinível e transversal

Neste último obxectivo, resulta un pouco ridículo propoñer a criazón dunha liña orzamentaria precisamente para financiar as actuacións propostas nesta estratexia que, na súa maior parte, carecen de orzamento !?. En caso de non poder consignar a este liña financiamento algún, ou que este sexa insuficiente para poñer en marcha todas as medidas propostas, non ten sentido consignar as devanditas medidas (ou outras calquera) neste documento. Ao tratarde dun plano operativo, as súas propostas, ben en estudo e máis aínda aquelas referidas como “en implantación”, deberían ter cando menos un orzamento estimado, para seren algo máis que meros desexos.

CONCLUSIÓNS:

A Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e o Plano Operativo que a desenvolve para comezar a implantala de eiquí ao 2023, recolle na súa maior parte (60%) simples propostas “en estudo” e sen orzamento. A responsabilidade da loita contra o CC volta a recaer na cidadanía, pois a Xunta evirta reclamar unha redución das emisións das industrias máis intensivas en C, pola vía do abandono da xeración eléctrica con carbón. Pola contra, e coa excusa do secuestro de C, vai dar cobertura a unha nova vaga eucalptizadora seguindo o ditado do lobby pasteiro-enerxético.

Polo que atinxe ao amortecemento dos impactos da mudanza climática (aumento da resiliencia), este Plano non contempla o alongamento da superficie dos espazos protexidos incluídos na RN2000 e dos humidais Ramsar, claves para o amortecemento dos efectos do CC, nen sequera daqueles hábitats para os que a Comisión Europea advertíu ao estado español da súa escasa representatividade (como as turbeiras ou bosques de ribeira).

Dentro do ámeto da investigación, as cantidades orzamentadas até o 2023 (0,49 M€) non abundan asegurar un seguemento suficiente do cambio climático no noso país. E medidas como a investigación dos seus efectos sobre os recursos hídricos, ecosistemas terrestres, mariños e costeiros, sector primario, medio urbano e saúde e sobre os hábitats máis vulnerábeis; ou para mellorar os sistemas de monitoreo e seguemento, nen sequera teñen consignado orzamento.

Polo que atinxe á gobernanza e á dimensión social, fallan programas interdisciplinares como CLIMÁNTICA, intervencións específicas no ámeto da educación ambiental non formal, e outras medidas de sensibilización, difusión e participación social nas que algunhas ONGs levamos traballando anos.

Compostela, 14 de abril de 2019

Fins Eirexas

Secretaría técnica de ADEGA